

Boletín CAIA 19

Xuño 2025



Nova reunión do Observatorio Galego da Familia e Infancia


O pasado 18 de xuño, Bea, Sabela e Alfredo, representantes do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia, participaron nunha nova reunión do Observatorio Galego da Familia e Infancia. Durante o encontro, tiveron a oportunidade de intervir para compartir a traxectoria do grupo e presentar os proxectos de futuro, poñendo en valor a importancia da participación infantil e adolescente nas políticas públicas que lles afectan directamente.



Un novo movemento para coidar a saúde mental da infancia en España

UNICEF lanza un movemento para mellorar a saúde mental de nenos, nenas e adolescentes en España, coa implicación de profesionais, familias e institucións. O obxectivo é promover o benestar emocional dende a prevención, poñendo o foco na educación, a atención temperá e a loita contra o estigma.

Máis info [aquí](#)



Reclaman cambiar a Lei do Deporte para protexer mellor os menores federados

O Defensor do Pobo solicita modificar a Lei do Deporte para reforzar a protección da infancia federada tras detectar riscos de desprotección. Propón medidas como formación obrigatoria para persoal técnico, protocolos de prevención e mecanismos de denuncia accesibles, coa finalidade de garantir espazos deportivos seguros para nenos e nenas.



“Máis de 2.000 menores participan no novo proceso participativo “Infancia e pobreza” da Plataforma de Infancia”

A Plataforma de Infancia puxo en marcha en 2023 o proxecto “**Infancia e pobreza**”, un proceso no que participaron 2 218 nenos, nenas e adolescentes entre 6 e 17 anos para expresar como lles afecta a pobreza e a desigualdade na súa vida diaria. Organizaron as súas propostas en catro ámbitos clave: ocio e cultura, saúde, educación e bens de primeira necesidade. Grazas ao seu testemuño —como reflecte un neno rural: “non todas as nenas e nenos teñen oportunidades de ocio e cultura...”. Estas voces servirán para influír en políticas públicas e impulsar accións reais na loita contra a pobreza infantil.



Convócase un «Convoy Diplomático» para romper o cerco e poñer fin á fame en Gaza

Eurochild lanzou a campaña **#DiplomaticConvoyNow** esixindo a creación inmediata dun convoy humanitario diplomático para atravesar Rafah e atallar a fame no territorio sitiado de Gaza, onde media millón de persoas están en risco de pasar fame e máis de 3.000 camións de axuda agardan entrada bloqueados por Israel. A iniciativa, respaldada por máis de 750 organizacións e persoas —incluíndo parlamentarios, diplomáticos e medios— busca garantir acompañamento oficial no convoy e pular por un paso libre, seguro e sen militarización á comida, auga e medicinas.



Pontevedra, expectativa internacional polo seu modelo de “urbanismo amable”

Pontevedra segue a recibir recoñecementos internacionais polo seu modelo urbano centrado nas persoas. En 2025 recibirá o III Premio “A cidade é a xente” en Costa Rica, sumando o seu oitavo galardón internacional que reforza a súa reputación en mobilidade, accesibilidade e seguridade vial. O seu modelo, iniciado en 1999 coa aposta por eliminar o tráfico do centro, a peonalización masiva e espazos públicos de calidade, converteuse nun referente. O modelo de Pontevedra inspírase agora en cidades de Europa e América Latina que buscan humanizar os seus espazos urbanos.



Reforzando a defensa dos dereitos da infancia: reunións da mesa redonda da ENOC en Bruxelas

En marzo de 2025, a Rede Europea de Defensorías da Infancia (ENOC) celebrou en Bruxelas unha rolda de reunións de alto nivel con representantes da Comisión Europea, do Parlamento Europeo e de Eurochild. O obxectivo foi reforzar a súa capacidade de incidencia nas políticas infantís, promover a implementación da Estratexia da UE e presentar as recomendacións de ENYA 2024 sobre os dereitos dos nenos e nenas en acollemento alternativo nunha audiencia conxunta de parlamentarios.



Experiencias de aquí e de alá



Representantes do grupo asesor acoden ao Congreso dos Deputados en Madrid

O Congreso dos Deputados acolleu en Madrid a preto de 8 nenos, nenas e adolescentes de toda España, que compartiron propostas para garantir os seus dereitos. O evento destacou a importancia de escoitar as súas voces na toma de decisións e promoveu o intercambio de experiencias entre consellos locais e institucións



“As voces dos Cibercorresponsais tomo Madrid no Ciberencuentro 2025”

Entre o 30 de maio e o 1 de xuño, máis de 50 rapaces e rapazas de distintos puntos de España reuníronse no Scout Madrid Hostel para celebrar o Ciberencuentro 2025 da Plataforma de Infancia. Durante tres días, os “cibercorresponsais” compartiron, aprenderon e desenvolveron ideas para construír espazos dixitais máis seguros e inclusivos, poñendo o foco en a súa participación activa e empoderamento.



VII Congreso Mundial con Infancia e Adolescencia “Educar para a Paz”

Este congreso internacional, cunha duración de nove días (20–28 novembro 2025), desenvólvese en liña e está organizado por varias universidades e institucións especializadas no ámbito da infancia. Inclúe a participación activa de nenos, adolescentes, docentes, familias e profesionais, promovendo o debate interxeracional e propoñendo máis de sesenta temas vinculados coa educación, a paz e os dereitos da infancia

Testemuña en primeira persoa



*Beatriz M. Comesaña Pombal
de Mariscadoras de Ideas
Concello de Moaña*

O día 2 de junio tiven a gran oportunidade de participar na “Séptima Jornada Parlamentaria” onde 8 nenas e nenos (4 da Plataforma de Infancia e outros 4 de UNICEF) expuxemos as nosas inquedanzas aos membros da Comisión de Juventud e Infancia do Congreso dos Diputados, onde se tratan temas directamente relacionados coa mocidade.

A Ani explicou a nosa vulnerabilidade en relación as “Contornas dixitais”, César trouxo melloras necesarias para un piar tan crucial como a “Educación”, Amanda compartiu o sufrimento de moitos mozos coa “Saúde mental”, Sara tratou un tema tan apaixonante como a “participación infantil”, Carlos brindounos ferramentas para protexernos da “Violencia”, Rim abriu o seu corazón e falou en primeira persoa do dramatismo da “Migración” e Kawtar falounos dunha situación tan desgarradora como a “Pobreza”.

Eu puiden falar dun tema tan apaixonante como a “Acción Climática” realizando propostas como:

- ✓ A creación dunha materia troncal de “Sistemas Ambientais”, que englobe a bioloxía, o medio ambiente e o saber tradicional sobre flora e fauna
- ✓ A realización dunha “Conferencia de Parques Saudables” reunindo políticos, arquitectos, paisaxistas e entidades infantís
- ✓ A creación dun “Sistema de Infraestruturas Pluviais” dende unha perspectiva local, con mini embalses, cauces artificiais e vexetación autóctona.

Ademais, para fechar o acto, realizamos un minuto de silencio en recordo de toda a infancia vítima de guerras, xenocidios, fames, violencia e efectos climáticos

Non me podo esquecer da gran labor de Helena e Silvia de UNICEF por guiarnos e axudarnos durante toda a preparación. Esta foi unha grandísima experiencia da cal estou moi grata e levo moitas aprendizaxes

Podedes ver o vídeo [aquí](#)